

## **ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO ACABADO DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL ( PAS) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 10:00 horas do día 14 de novembro de 2016 celébrase a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de “*Substitución do acabado da cuberta do polideportivo municipal*”, presidida por Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretaria da mesa a funcionaria María Carmen Trillo Mouzo.

O obxecto da convocatoria é a posta en coñecemento do informe técnico emitido sobre a xustificación da oferta anormal ou con valores desproporcionados achegada pola empresa Abaco Sercoin S.L. e a proposta de adxudicación ao licitador que presentou a oferta mais vantaxosa dende o punto de vista económico.

A Secretaria da Mesa da lectura ao dito informe, que literalmente di:

*Antonio Martínez Domínguez, arquitecto Colexiado nº 3.442 do C.O.A.G., a petición de D. Manuel Insua Insua, alcalde – presidente do Concello de Corcubión, e á vista do Escrito (R.E. nº 1.683 con data 7 de novembro de 2016) presentado por Ábaco Sercoin, S.L., no que acompaña a documentación oportuna para tratar de xustificar a oferta presentada; en relación coa contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra de “Substitución do acabado da cuberta do Polideportivo Municipal de Corcubión”*

### **EXPÓN:**

*A.- Sobre este asunto constan os seguintes antecedentes:*

- *Informe asinado polo técnico que subscribe con data 4 de outubro de 2016 á vista da documentación aportada polos licitantes no sobre "B".*
- *Informe asinado polo técnico que subscribe con data 19 de outubro de 2016 á vista da documentación aportada polos licitantes no sobre "C".*

*B.- Como conclusión do Informe asinado polo técnico que subscribe con data 4 de outubro de 2016 se definía:*

*1.- A Valoración Total da 1ª Fase das empresas licitantes é a que segue:*

- *Abaco Sercoin. S.L.*  
*1ª Fase: 26,30 puntos*
- *Terrauga Proyectos y Obras, S.L.*  
*1ª Fase: 24,80 puntos*
- *Construcciones D. Ogando, S.L.*  
*1ª Fase: 25,80 puntos*

- **Proycoga, S.A.**  
1ª Fase: **28,70 puntos**
- **Hierros Bueno, S.A.L.**  
1ª Fase: **3,20 puntos**

**2.- De acordo co indicado nas cláusulas 15.1 e 15.3 do Prego, así como do Anexo IV do mesmo, a empresa Hierros Bueno, S.A.L., ao non superar a puntuación mínima de 12,5 puntos na Fase 1, non continuará no proceso selectivo.**

Segundo o indicado na cláusula 15.1 do Prego, non se poderá abrir o Sobre "C" presentado por esta empresa.

**3.- Para poder propoñer unha determinada empresa para a execución das obras, será necesario continuar coa valoración das ofertas presentadas coa 2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábeis de forma automática (Sobre "C"), para o que haberá que redactar un novo Informe técnico.**

**C.- Como conclusión do Informe asinado polo técnico que subscribe con data 19 de outubro de 2.016 se definía:**

**1.- En aplicación do indicado na Cláusula 15.4.2.- do Prego, considerarase como desproporcionada ou anormal a oferta presentada polo seguinte licitante:**

- **Abaco Sercoin, S.L.**

De acordo coa Cláusula 15.4.1.- do Prego, o técnico que subscribe **propón ó órgano de Contratación que notifique esta circunstancia ao licitador anterior**, para que dentro do prazo de cinco días xustifique a dita oferta, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.3 da presente cláusula.

A xustificación realizada polo licitador remitirase novamente aos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

**D.- Á vista da documentación aportada pola empresa licitante, e de acordo co esixido na cláusula 15.4.3.- do Prego, se comproba o seguinte:**

**1.- Xustificación de prezos ofertados:**

**A.- Materiais:** Achegan unha copia da carta de compromiso de subministración por parte da empresa Hierros Varela Urbieto, S.L., así como un orzamento desta polo subministro de 921,43 m<sup>2</sup> de panel de cuberta prelac/prelac con pintura HDX (apropiada para ambientes mariños) de 50 mm. PIR, a 19,95 €/m<sup>2</sup> + IVE.

**B.- Maquinaria:** Teñen definido a maquinaria en propiedade da que dispón a empresa, e que estaría relacionada cos traballos a executar: camión grúa, camión, plataforma (remolque), pala cargadora - retroexcavadora, dumper, equipo descontaminación amianto, ferramentas e pequena maquinaria, ...

*C.- Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico: Xustifican de maneira diferenciada (ademais da cuberta con paneis de chapa) a partida correspondente á demolición da cuberta de placas de fibrocemento con amianto. Así mesmo, aportan o presuposto do Proxecto por unidades de obra, cos prezos ofertados.*

**2.- Volume da obra:**

*Acompañan un listado coas principais obras realizadas pola empresa licitante nos últimos cinco anos; así como copia dos contratos de execución de obras que está a acometer a empresa.*

**3.- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:**

*A empresa licitante xustifica un baixo coeficiente de gastos xerais respecto da obra contratada pola proximidade desta ao emprazamento da empresa, pola dispoñibilidade de maquinaria en propiedade (baixo volume de aluguer), pola proximidade de vertedoiros e acopio de residuos xerados, pola experiencia da empresa (coñecemento do mercado que permite optimizar os rendementos e resultados).*

*Achegan unha táboa coa definición dos custos do persoal laboral da empresa (oficial 1ª, peón especializado e peón), así como copia das nóminas do mes de setembro.*

*Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que **a xustificación presentada (en prazo) pola empresa Ábaco Sercoín, S.L. se axusta á documentación requirida**, de acordo co esixido na cláusula 15.4.3.- do Prego; polo que a súa oferta será tida en conta na valoración da Fase II do procedemento de adxudicación.*

***E.-** Como nos casos anteriores, o presente informe realízase segundo os Criterios de valoración, definidos no Anexo IV do Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares descrito con anterioridade.*

***F.-** As cláusulas dos pregos ás que se fai referencia indican, entre outros, o seguinte:*

**"15.3.- Criterios de valoración:**

*Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:*

**FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS**

*(...)*

FASE II: CRITERIOS DE VALORACIÓN DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS

1. Porcentaxe destinada a control de calidade.

1.A- Porcentaxe destinada a control interno de calidade: de 0 a 1 punto.

1.B- Porcentaxe destinada a control externo de calidade: de 0 a 9 puntos.

2- Redución de prazos (criterio de carácter específico só aplicable a aqueles contratos nos que quede especificado na epígrafe 6 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego): DE 0 A 10 PUNTOS

Para estes efectos, no suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

3- Oferta económica: ata 40 puntos

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

(...)

**15.5 Criterios de desempate**

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.1.N e 12.1.2.D

(...)

**ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN**

**FASE I**

(...)

**FASE II**

**CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS:**

**II.1- PORCENTAXE DE CONTROL DE CALIDADE: 10 puntos máximo**

<b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 15)	<i>Outorgarase a máxima puntuación (1 punto) ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente</i>	<i>Ata 1 punto</i>
<b>PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE</b> (cláusula 15)	<i>Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calculárase aplicando a seguinte fórmula: <math>3 \times \%</math> incremento de execución material (expresado en dous decimais)</i>	<i>Ata 9 puntos</i>

**II.2 - REDUCCIÓN DE PRAZOS (CRITERIO DE CARÁCTER ESPECIFICO SÓ APLICABLE A AQUELES CONTRATOS NOS QUE QUEDE ESPECIFICADO NA EPÍGRAFE 6 DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (ANEXO I).**

*Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 15 do presente prego): de 0 a 10 puntos.*

*Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.*

***Puntuación máxima***

*Calculárase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.*

*A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se han adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.*

***Proceso de puntuación***

*A continuación, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.*

*Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualem a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima.*

*Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.*

*Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.*

*Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.*

*Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.*

*Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:*

(...)

### **III. OFERTA ECONÓMICA**

**Oferta Económica:** De 0 a 40 puntos. De acordo coa fórmula elaborada pola facultade de matemáticas:

(...)

*DILIXENCIA:* Que se estende para facer constar que a fórmula poderá consultarse na seguinte dirección de correo electrónico:

<http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/>

**G.-** As empresas licitantes para a adxudicación da obra de "Substitución do acabado da cuberta do Polideportivo Municipal de Corcubión" (que non foron excluídas despois de estudar a documentación presentada no Sobre B, e que non presentan ofertas anormais ou desproporcionadas -ou xustificaron convenientemente estas-) son:

- **Abaco Sercoin, S.L.**
- **Terrauga Proyectos y Obras, S.L.**
- **Construcciones D. Ogando, S.L.**
- **Proycoga, S.A.**

**H.-** Propostas ofertadas por cada unha das empresas licitantes:

**Abaco Sercoin, S.L.**

*C.1) Oferta económica:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.1. do Prego, ten aportado unha oferta económica conforme co modelo do anexo II do Prego.*

*Ofrece o seguinte prezo:*

<i>a) Prezo sen IVE:</i>	<i>68.953,50 €</i>
<i>b) IVE (21%):</i>	<i>14.480,23 €</i>
<i>c) Total:</i>	<i>83.433,73 €</i>

*Apreciando un pequeno erro material pola redución dos decimais, o prezo que se terá en conta será o seguinte:*

<i>a) Prezo sen IVE:</i>	<i>68.953,50 €</i>
<i>b) IVE (21%):</i>	<i>14.480,24 €</i>
<i>c) Total:</i>	<i>83.433,74 €</i>

*C.2) Porcentaxes de control de calidade:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.2. do Prego, ten aportado unha oferta de porcentaxe de control de calidade externo e unha oferta de control interno de calidade conformes co modelo do anexo II do Prego.*

*Oferta da porcentaxe destinada a control interno de calidade:  
1% do PEM*

*Oferta da porcentaxe destinada a control externo de calidade:  
1 + 3% do PEM*

*C.3) Proposta de redución de prazos de execución:*

*Non me consta que a empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.3. do Prego, teña aportado unha oferta de redución de prazos (aplicable no presente contrato segundo o indicado no epígrafe 6 do cadro de características do contrato definido no Anexo I do Prego, no que se establece que este criterio será obxecto de valoración).*

### **Terrauga Proyectos y Obras, S.L.**

*C.1) Oferta económica:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.1. do Prego, ten aportado unha oferta económica conforme co modelo do anexo II do Prego.*

*Ofrece o seguinte prezo:*

<i>a) Prezo sen IVE:</i>	<i>78.234,76 €</i>
<i>b) IVE (21%):</i>	<i>16.429,30 €</i>
<i>c) Total:</i>	<i>94.664,06 €</i>

*C.2) Porcentaxes de control de calidade:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.2. do Prego, ten aportado unha oferta de porcentaxe de control de calidade externo e unha oferta de control interno de calidade conformes co modelo do anexo II do Prego.*

*Oferta da porcentaxe destinada a control interno de calidade:  
3% do PEM*

*Oferta da porcentaxe destinada a control externo de calidade:  
1 + 3% do PEM*

*C.3) Proposta de redución de prazos de execución:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.3. do Prego, ten aportado unha oferta de redución de prazos (aplicable no presente contrato segundo o indicado no*

*epígrafe 6 do cadro de características do contrato definido no Anexo I do Prego, no que se establece que este criterio será obxecto de valoración).*

*Prazo de execución ofertado:*

*75 días naturais (o que supón unha redución de 15 días naturais).*

*Sen embargo, non me consta que se teña debidamente xustificada esta oferta de redución de prazos.*

### **Construcciones D. Ogando, S.L.**

#### *C.1) Oferta económica:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.1. do Prego, ten aportado unha oferta económica conforme co modelo do anexo II do Prego.*

*Ofrece o seguinte prezo:*

<i>a) Prezo sen IVE:</i>	<i>73.232,95 €</i>
<i>b) IVE (21%):</i>	<i>15.378,92 €</i>
<i>c) Total:</i>	<i>88.611,87 €</i>

#### *C.2) Porcentaxes de control de calidade:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.2. do Prego, ten aportado unha oferta de porcentaxe de control de calidade externo e unha oferta de control interno de calidade conformes co modelo do anexo II do Prego.*

*Oferta da porcentaxe destinada a control interno de calidade:*

*9,85% do PEM*

*Oferta da porcentaxe destinada a control externo de calidade:*

*1 + 3% do PEM*

#### *C.3) Proposta de redución de prazos de execución:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.3. do Prego, ten aportado unha oferta de redución de prazos (aplicable no presente contrato segundo o indicado no epígrafe 6 do cadro de características do contrato definido no Anexo I do Prego, no que se establece que este criterio será obxecto de valoración).*

*Prazo de execución ofertado:*

*51 días naturais (o que supón unha redución de 39 días naturais).*

*Así mesmo, no presente sobre acompaña documentación coa que xustifica debidamente esta oferta de redución de prazos.*



**Proycoga, S.A.**

*C.1) Oferta económica:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.1. do Prego, ten aportado unha oferta económica conforme co modelo do anexo II do Prego.*

*Ofrece o seguinte prezo:*

<i>a) Prezo sen IVE:</i>	<i>79.832,65 €</i>
<i>b) IVE (21%):</i>	<i>16.764,86 €</i>
<i>c) Total:</i>	<i>96.597,51 €</i>

*C.2) Porcentaxes de control de calidade:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.2. do Prego, ten aportado unha oferta de porcentaxe de control de calidade externo e unha oferta de control interno de calidade conformes co modelo do anexo II do Prego.*

*Oferta da porcentaxe destinada a control interno de calidade:  
4% do PEM*

*Oferta da porcentaxe destinada a control externo de calidade:  
1 + 3% do PEM*

*C.3) Proposta de redución de prazos de execución:*

*A empresa, de acordo co indicado na cláusula 12.3.3. do Prego, ten aportado unha oferta de redución de prazos (aplicable no presente contrato segundo o indicado no epígrafe 6 do cadro de características do contrato definido no Anexo I do Prego, no que se establece que este criterio será obxecto de valoración).*

*Prazo de execución ofertado:  
30 días naturais (o que supón unha redución de 60 días naturais).*

*Sen embargo, non me consta que se teña debidamente xustificada este oferta de redución de prazos.*

**I.- Valoración das ofertas presentadas por cada unha das empresas licitantes:**

**Abaco Sercoin. S.L.**

*2ª FASE : Criterios de valoración de aplicación automática mediante fórmulas:*

*1.- Porcentaxe destinada a control de calidade (cláusula 12.3.2):*

1.A.- Control interno: 1%(máximo 9,85%) **0,10 puntos**

1.B.- Control externo: 1 + 3% (3 x 3) **9,00 puntos**

2.- Reducción de prazos (cláusula 12.3.3):

Non aporta oferta de reducción de prazos **0,00 puntos**

3.- Oferta económica (cláusula 12.3.1):

Oferta presentada: 83.433,74 € (aplic. fórmula) **33,78 puntos**

### **Terrauga Proyectos y Obras, S.L.**

2ª FASE : Criterios de valoración de aplicación automática mediante fórmulas:

1.- Porcentaxe destinada a control de calidade (cláusula 12.3.2):

1.A.- Control interno: 3%(máximo 9,85%) **0,30 puntos**

1.B.- Control externo: 1 + 3% (3 x 3) **9,00 puntos**

2.- Reducción de prazos (cláusula 12.3.3):

Non se xustifica debidamente **0,00 puntos**

3.- Oferta económica (cláusula 12.3.1):

Oferta presentada: 94.664,06 € (aplic. fórmula) **11,40 puntos**

### **Construcciones D. Ogando, S.L.**

2ª FASE : Criterios de valoración de aplicación automática mediante fórmulas:

1.- Porcentaxe destinada a control de calidade (cláusula 12.3.2):

1.A.- Control interno: 9,85% (máximo 9,85%) **1,00 puntos**

1.B.- Control externo: 1 + 3% (3 x 3) **9,00 puntos**

2.- Reducción de prazos (cláusula 12.3.3):

Xustifica unha reducción de 39 días **10,00 puntos**

3.- Oferta económica (cláusula 12.3.1):

Oferta presentada: 88.611,87 € (aplic. fórmula) **24,04 puntos**

**Proycoga, S.A.**

2ª FASE : Criterios de valoración de aplicación automática mediante fórmulas:

1.- Porcentaxe destinada a control de calidade (cláusula 12.3.2):

1.A.- Control interno: 4%(máximo 9,85%)      **0,41 puntos**

1.B.- Control externo: 1 + 3%    (3 x 3)      **9,00 puntos**

2.- Redución de prazos (cláusula 12.3.3):

Non se xustifica debidamente      **0,00 puntos**

3.- Oferta económica (cláusula 12.3.1):

Oferta presentada: 96.597,51 € (aplic. fórmula)    **7,13 puntos**

**J.- Valoración total das ofertas presentadas:**

**Abaco Sercoin. S.L.**

1ª Fase: 26,30 puntos    2ª Fase: 42,88 puntos

**TOTAL: 69,18 Puntos**

**Terrauga Proyectos y Obras, S.L.**

1ª Fase: 24,80 puntos    2ª Fase: 20,70 puntos

**TOTAL: 45,50 Puntos**

**Construcciones D. Ogando, S.L.**

1ª Fase: 25,80 puntos    2ª Fase: 44,04 puntos

**TOTAL: 69,84 Punto**

**Proycoga, S.A.**

1ª Fase: 28,70 puntos    2ª Fase: 16,54 puntos

**TOTAL: 45,24 Puntos**

Consonte ó anteriormente exposto, no contexto no que vai dito, sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes ós achegados **INFORMO:**

**I.- Tendo en conta o definido con anterioridade, así como o exposto nos anteriores Informes, ao cumprir cos condicionantes requiridos para á adxudicación da obra referida, e ter presentado pola orde que se indica, as ofertas máis vantaxosa segundo os criterios de valoración propostos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra de “Substitución do acabado da cuberta do Polideportivo Municipal de Corcubión”; **propono á adxudicación das obras a empresa que lle corresponda pola seguinte orde:****

- **Construcciones D. Ogando, S.L.** (69,84 puntos).
- **Ábaco Sercoin, S.L.** (69,18 puntos).
- **Terrauga Proyectos y Obras, S.L.** (45,50 puntos).
- **Proycoga, S.A.** (45,24 puntos).

*Este é o informe do Técnico que subscribe segundo o seu leal saber i entender e que pon no seu coñecemento ós efectos da tramitación correspondente.*

Á vista do informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

**Propoñer a adxudicación da obra de “Substitución do acabado da cuberta do Polideportivo Municipal de Corcubión” ao licitador Construcciones D.Ogando S.L. , oferta mais vantaxosa, segundo os criterios de valoración recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas particulares.**

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

Manuel Insua Insua

A SECRETARIA DA MESA

María del Carmen Trillo Mouzo

VOGAIS:

O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

A SECRETARIA INTERVENTORA

Irene Suárez López



Praza José Carrera, 1  
15130 Corcubión (Galiza)  
Tf: 981 745 400 Fax: 981 747 100  
correo@corcubion.gal www.corcubion.gal